



# prestación económica de pagamento único por fillo/a menor de 3 anos

A Consellería de Traballo e Benestar establece as bases que rexerán a concesión da *prestación económica de pagamento único por fillos e fillas menores de tres anos para o ano 2012*.

Poderán ser **beneficiarios** aquelas persoas que teñan menores de 3 anos ao 1 de xaneiro de 2012 (nados entre o 2-1-2009 e o 1-1-2012, inclusive) e que, durante o ano 2010, nin elas nin ningún membro da unidade familiar estivesen obrigados a presentar a declaración do IRPF correspondente a este período, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso. Tamén se poderán acoller a esta axuda no caso de fillos adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2010 e o 31 de decembro de 2011; así como os estranxeiros que residan en Galicia sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000 e os requisitos establecidos nesta norma e tivesen a condición de contribuínte para os efectos do disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF.

**Contía:** un pagamento único de **360 €** por cada un dos fillos menores de 3 anos.

## Requisitos

- Que os proxenitores teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que os menores convivan coa persoa solicitante na data da solicitude.

## Documentación:

- **Solicitude** segundo o modelo oficial (**anexo I**) e, os **anexos II, III e IV**.
- Copia do DNI dos pais, só no caso de non dar autorización a Consellería de Traballo e Benestar para obter do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas os datos dos seus DNI.
- Copia do todas as follas do libro de familia.
- Fotocopia da cartilla de aforros na que figure como titular o solicitante.
- **Volante de empadramento colectivo** da persoa solicitante expedido polo Concello. **\*Se xa recibiu a axuda no ano 2011 non lle fai falla.**

**Importante:** Se o solicitante xa recibiu a prestación no ano 2011, só terá que enviar a solicitude (Anexo I) **debidamente asinada** e, sempre e cando se manteñan as mesmas circunstancias persoais, xurídicas e económicas determinantes do dereito da prestación.

**Prazo: 26 de marzo de 2012.** Para máis información nos Servizos Sociais ou chamando ao telef.: **981-73 70 04.**

Camariñas, 16 de febreiro de 2012

**A concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Saúde,**

**M<sup>a</sup> Carmen Linares Chica**